

PROPOSTA FINAL DO GRUPO DE GOBERNO DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O DESTINO DO IMPORTE DO REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PENDENTE DE APLICAR

1. IMPORTE PENDENTE DE APLICAR

O importe pendente de aplicar ascende á cantidade de 9.501.360,28 euros.

2. DISTRIBUCIÓN DO CRÉDITO PENDENTE DE APLICAR

2.1. Pagamento de sentenzas.

O primeiro destino proposto é o pagamento da sentenza a favor da sociedade mixta deportiva XADE por importe de 1.422.853,36 euros.

2.2. Axudas.

2.2.1. Importe total: 4,5 M de euros.

2.2.1.1. Con cargo ao remanente líquido de tesourería: 3,5 M de euros coa seguinte distribución entre os sectores afectados:

Obxecto da axuda	Importe
Axudas bonos consumo	300.000,00 €
Axudas gasto corrente comercio	600.000,00 €
Axudas gasto corrente / actividades cultura	600.000,00 €
Axudas gasto corrente hostalería	1.600.000,00 €
Axudas gasto capital comercio	400.000,00 €
Total	3.500.000,00 €

Nota: a diferenza en relación coa versión de onte é que desaparecen bonos aparcamento dotados con 100.000 euros (debido a dificultade para a súa tramitación). Incrementábase o gasto corrente comercio, pasando de 500.000 a 600.000 euros.

2.2.1.2. Con cargo á subvención da Deputación Provincial de A Coruña: 1 M de euros.

Á espera dos termos definitivos da axuda, o millón de euros achegados pola Deputación Provincial serán distribuídos, proporcionalmente entre os sectores afectados (hostalería, comercio e cultura), para financiar o seu gasto corrente.

2.2.2. Gastos subvencionables.

Os gastos subvencionables serán principalmente os gastos correntes da hostalería, do comercio e da cultura (isto é alugueres, gastos de electricidade, , etc).

2.2.3. Procedemento de tramitación e forma de pago.

Con carácter xeral, o procedemento principal de tramitación das axudas será o de concorrencia non competitiva.

Dentro do marco legal establecido, nas bases establecerase a posibilidade de realizar pagos anticipados na porcentaxe máxima permitida pola normativa vixente.

2.3. Investimentos.

Nota: con respecto á versión de onte, actualízase a denominación da zona cuberta de usos múltiples de santa marta e rectifícase o importe das obras de accesibilidade que pasan de 235.000 euros a 247.000.

As obras deberán licitarse antes de final de ano para que así, estean adxudicadas para executar na temporada de primavera- verán, cando as condición climatolóxicas son mais favorables.

A distribución proposta é a seguinte:

Obras	
Obxecto	Orzamento total
Total inversión: ADECUACIÓN HÓRREO	610.000,00 €
Total inversión: URBANIZACIÓN DA ZL-75 (UA-11) DO PERI FONTIÑAS- COTAREDO- SAN LÁZARO	165.876,26 €
Total inversión: ACONDICIONAMENTO PARCELA APARCADOIRO EXTERIOR ACCESO Á RÚA ALTIBOIA - FASE I	208.907,95 €
Total inversión: ACONDICIONAMENTO CAMPO DA FESTA DO CASTIÑEIRIÑO PARA USOS POLIVALENTES	467.968,40 €
Total inversión: MELLORA DAS CONDICIÓNS DE ACCESIBILIDADE NA COSTA DO CRISTO DE RAXOI	40.536,45 €
Total inversión: NOVOS ASEOS PÚBLICOS NA AVDA. DE RAXOI	226.967,85 €
Total inversión: REFORMA DOS ASEOS PÚBLICOS EXISTENTES NA RÚA TRINDADE E NO PARQUE DA ALAMEDA	170.918,53 €
Total inversión: REHABILITACIÓN DE FIRMES EN VÍAS URBANAS	865.150,00 €
Total inversión: REXENERACIÓN DO PAVIMENTO DA CALZADA DA AVENIDA DE ASTURIAS	517.204,47 €
Total inversión: RENOVACIÓN DO CÉSPEDE DO CF DO SERGAS	568.267,15 €
Total inversión: ZONA CUBERTA USOS MÚLTIPLES SANTA MARTA	165.000,00 €
Total inversión: OBRAS DE ACCESIBILIDADE	247.000,00 €
Total inversión: REDACCIÓN DO PROXECTO MELLORA E HUMANIZACIÓN BARRIO ESTILA	60.000,00 €
Total inversión: ACTUALIZACIÓN DO PROXECTO DE ACCESIBILIDADE DA ALMÁCIGA	18.000,00 €
Total inversión: REFORMA DO VIAL PAJUELA - CAMPO DE FESTA DE MARROZOS	246.675,03 €
Total	4.578.472,09

Santiago de Compostela, 11 de novembro do 2020